

TEMA 1.- ARTE GREGA: COMENTARIO DO APOXIOMENOS DE LISIPO

a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:

Apoxiomenos. Escultura exenta ou de vulto redondo da arte grega realizada na Época clásica, no século IV a.C. Autor: Lisipo. Material: copia en mármore sen policromar. a obra orixinal tamén era en mármore e estaba policromada.

c.- Analiza e comenta a obra: Lisipo foi un escultor grego nacido no Peloponeso e unha das grandes figuras da escultura grega do século IV a.C. xunto con Praxíteles e Scopas.


Nesta obra representa unha figura masculina nova, núa, de pé e parada, cun tamaño similar ao natural (máis achegado ao tamaño natural que o Doríforo=máis humano). É unha escultura exenta que representa un atleta novo que se encontra limpiándose o po e o aceite do corpo cun estríxilo (cepillo de metal). Recibe o nome de Apoxiomenos: o que se quita o aceite. É a obra máis importante de Lisipo.

O tema segue sendo o característico do mundo grego, o atleta na súa plenitude física, pero o tratamento é completamente distinto: o atleta está facendo algo tan vulgar (a vulgaridade non tiña cabida no século V a.C.) como limpase o corpo trala competición: no brazo esquerdo, que se cruza por diante do peito, leva un cepillo de metal (obxecto vulgar que contrasta coa lanza, obxecto sublime, do Doríforo) co que limpa a parte inferior do brazo dereito que está totalmente estirado cara a diante, é dicir, non realiza unha acción heroica, ademais Lisipo non nos di se este mozo gañou ou perdeu a competición (Doríforo era un atleta vitorioso): só sabemos que está limpando o corpo e que no seu rostro mostra un certo cansazo. Esta maneira de representar un tema tan habitual no mundo grego supón unha das grandes rupturas que presenta esta obra con respecto ao século V a.C.

Lisipo afirmaba que o seu grande inspirador, ademais da Natureza, fora Policleto; partindo de Policleto crea con esta obra un novo canon de proporcións ideais para o corpo humano que supón a ruptura co canon de Policleto e, polo tanto, coa concepción de beleza ideal do século V a.C. O seu canon de proporcións ideais é aquel no que a cabeza é a oitava parte do corpo; isto provoca dúas consecuencias inmediatas: estilización da figura e redución do tamaño da cabeza. Pero a ruptura de Lisipo vai máis alá, xa que innova noutros aspectos: Apoxiomenos nunha primeira ollada parece concibido para ser visto frontalmente (pois o corpo está de fronte), pero a realida-



de é outra (engánanos), pois a colocación dos brazos vai provocar a total ruptura total coa lei da frontalidade: o brazo esquerdo crúzase por diante do peito (tapándoo) namentres o dereito se estira completamente cara a diante nun profundísimo escorzo; este brazo provoca unha forte sensación de profundidade, xa que sae do seu espazo e irrompe decididamente no espazo do espectador que, para ver mellor a figura, a ten que rodear, observala desde distintos puntos de vista. Apoxiomenos preséntase como unha escultura aberta (fronte ao Doríforo) que invita ao espectador a rodeala e a vela na súa totalidade. A figura está parada e parece estar nunha postura equilibrada, pero este equilibrio é só aparente (de novo, engánanos): a perna esquerda



está estirada e a dereita sepárase lateralmente situándose á mesma altura que a esquerda pero aparece algo flexionada: está representado no momento en que está cambiando o peso da perna esquerda á dereita e isto provoca un certo desequilibrio, aínda que non o pareza (o Doríforo camiñaba, tiña unha perna relaxada e outra en tensión, pero producía unha grande sensación de equilibrio). O feito de que a figura sexa aberta e de que presente un certo desequilibrio fai que, a diferenza do Doríforo, invulnerable, sexa unha figura vulnerable.

O mármore trabállase de forma máis suave e o tratamento anatómico está moi coidado, resultando máis naturalista que Doríforo. O corpo é estilizado e presenta músculos pouco inchados (é máis “fráxil” que Doríforo); a cabeza está tratada con grande minuciosidade: o pelo revolto que se separa do cranio e racha coa forma esférica permitindo o claroscuro; no rostro, os ollos, pequenos e afundidos, permiten o claroscuro, o nariz é recto e os labios -pequenos- presentan as comisuras cara a abaixo. Todo neste rostro mostra sentimentos: está canso e tamén triste.

Apoxiomenos é un atleta de corpo e rostro fermosos, pero a súa beleza é moi diferente da do Doríforo: é un novo ideal de beleza masculina pero tamén un ser humano de verdade (con sentimentos). Abre o camiño á escultura da Época Helenística.